

UGT REAFIRMA O SEU COMPROMISO COA XUSTIZA SOCIAL, O EMPREGO DIGNO E A DEFENSA DOS DEREITOS LABORAIS NO 3º COMITÉ CONFEDERAL

Pepe Álvarez reivindicou o fortalecemento da Unión Europea no contexto internacional, o acceso á vivenda e a mellora das condicións laborais e salariais

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, realizou este mércores, no 3º Comité Confederal do sindicato, unha análise da situación política, económica e social tanto a nivel internacional como nacional, advertindo do escenario global que actualmente se atopa marcado por conflitos bélicos, tensións xeopolíticas e unha crecente vulneración do dereito internacional.

Pepe Álvarez sinalou que guerras como as de Ucraína, Palestina ou Irán continúan destruindo vidas e deixando a miles de familias sen futuro. Todo iso xunto á preocupación por outros focos de tensión internacional, como a situación entre Taiwan e China ou as dificultades que atravesamos actualmente a Unión Europea.

Ante este contexto, o sindicato reafirmou o seu compromiso cunha Europa unida e socialmente forte. Álvarez destacou a importancia do acto previsto para o próximo 18 de xuño en Vistalegre, que servirá para visibilizar o compromiso do movemento sindical español cunha Unión Europea "que debe traballar en conxunto e cuxa defensa non repercute en reducir o gasto en políticas sociais ao proxecto europeo. Nese sentido, Pepe Álvarez defendeu a negociación colectiva como "instrumento fundamental para repartir a riqueza que se xera na UE".

En materia social, Álvarez insistiu na necesidade de avanzar no proceso de regularización de persoas migrantes, "algo imprescindible desde a perspectiva humana" e sobre o que o sindicato "fará unha análise de todas as repercusións positivas que ten para o país", anunciou.

Outro dos asuntos salientables foi o impacto da intelixencia artificial no mercado laboral. O sindicato lembrou que leva anos traballando sobre esta cuestión, e advertiu de que a súa influencia



crecerá exponencialmente nos próximos anos, polo que será necesario abrir un debate profundo sobre as súas consecuencias económicas e sociais.

Respecto á situación económica, Pepe Álvarez destacou que as boas previsións de crecemento non quitan "que a situación política se convirta nunha cloaca. Nin sequera podemos ver luz nos casos que hai abertos, porque inmediatamente alguén encárgase de que apareza outro que non nos deixa poder ver", explicou.

O secretario xeral de UGT reclamou que "esta lexislatura conclúa cando corresponde" e esixiu ao Goberno de España que "acelere os procesos, porque hai cuestións que teñen que aparecer publicadas no BOE. Son compromisos moi importantes coas organizacións sindicais, e os acordos non se poden quedar a medias, hai nos que cumprir", reivindicou.

O SMI e a regulación do control horario, no foco do 3º Comité Confederal

Este crecemento económico non pode quedarse só nos datos. Pepe Álvarez adiantou que moi probablemente

en xullo, tras coñecer os datos do IPC, sexa necesario reabrir a negociación para unha nova subida do Salario Mínimo Interprofesional, reclamando ao Goberno que non bloquee este debate.

Outra das medidas que deben abordarse nese período é a regulación do control horario, posto que existen preto de "tres millóns de horas extraordinarias non pagadas nin recoñecidas", segundo destacou o secretario xeral de UGT.

A vivenda ocupou tamén un lugar central na súa intervención. Para Álvarez, é necesario advertir de que "non hai convenio que aguante a subida da vivenda en España", así como rexeitar "ser un país de gran luxo nas zonas turísticas" mentres as persoas traballadoras non poden acceder a unha vivenda digna.

Finalmente, neste 3º Comité Confederal UGT reclama a culminación parlamentaria da Lei de Saúde e Seguridade Laboral e mostra o seu rexeitamento á recente sentenza do Tribunal Supremo sobre despedimento, considerando que responde a unha maioría conservadora de xuíces neste órgano e que non se axusta ao dereito internacional.

O ÉXITO DAS FOLGAS DO METAL NA CORUÑA OBRIGA Á PATRONAL A SENTAR A NEGOCIAR POR PRIMEIRA VEZ

Redacción.- UGT, CCOO e CIG destacan un cambio de actitude por parte da patronal tras as tres exitosas xornadas de folga celebradas nas dúas últimas semanas no metal da Coruña. Por primeira vez, a patronal acudiu á reunión deste xoves para falar de puntos concretos do convenio colectivo.

Tras varias horas de reunión, a parte empresarial trasladou propostas que os sindicatos, á espera dunha valoración máis detallada, cualifican como insuficientes, pero que representan un xiro respecto á súa actitude de bloqueo das últimas semanas.

A patronal mantivo sobre a mesa cuestións como a vixencia do convenio a cinco anos ou incrementos salariais que se afastan das reivindicacións sindicais, mais ábrese a falar da redución da xornada, do aumento dun día de vacacións, de regular os contratos fixos- discontinuos, ampliar a novos sectores á subrogación e o compromiso de estudar medidas que eviten o abuso das empresas de traballo temporal.

Para as centrais sindicais, este movemento, que segue a ser insuficiente, é consecuencia directa da presión e a forza

demostrada polas traballadoras e traballadores do metal que secundaron masivamente as tres xornadas de folga. “A mobilización foi a que trouxo á patronal á mesa”, aseveran.

Outro sinal deste cambio de actitude é que, por primeira vez, a parte empresarial acepta a petición dos sindicatos de manter dúas reunións semanais para axilizar as negociacións, demanda á que se opuxeron con gran resistencia ata o momento. As próximas sesións da mesa negociadora celebraranse os días 2 e 4 de xuño.

Na reunión do día 2, a representación social trasladará a súa valoración formal das propostas patronais, agardando que se poida seguir avanzando nestas e noutras materias que están moi afastadas a día de hoxe.

As centrais sindicais fan un chama-



mento a todas as persoas traballadoras do sector para manter a tensión mobilizadora e, de non producírense avances significativos nas seguintes reunións que permitan pechar un acordo xusto, converter as xornadas de folga convocadas para os días 9, 10 e 11 de xuño noutro éxito de seguimento e participación.

Porque só desde a forza colectiva, a unidade de todo o sector e a determinación na loita poderase acadar un convenio con avances reais nas condicións laborais, salariais e sociais para as case 18.000 persoas que traballan no metal da provincia da Coruña.

AS TÉCNICAS E TÉCNICOS SANITARIOS RECLAMAN A RECLASIFICACIÓN PROFESIONAL CUNHA XORNADA DE FOLGA E MOBILIZACIÓNS

Redacción.- As técnicas e técnicos medios e superiores sanitarios protagonizaron o pasado día 25 unha xornada de folga para esixir a plena implantación da reclasificación profesional que queda recollida no Acordo Marco para unha Administración do Século XXI.

Tras a firma de acordo Marco para unha Administración do Século XXI, en outubro de 2022, o Goberno dispoñía de prazo ata finais do ano 2023 para proceder á plena implantación da reclasificación profesional dos colectivos de Técnicos Medios e Superiores, ao considerar culminada a Disposición Transitoria 3ª do TREBEP e, por tanto, plenamente operativa a clasificación profesional do artigo 76 do TREBEP, que dispoñía o pase do grupo C2 ao C1 dos Técnicos Medios Sanitarios e do grupo C1 ao B dos Técnicos Superiores Sanitarios.

Con todo, aínda que o procedemento para levar a cabo dita reclasificación está negociado por CCOO e UGT co ministerio de Sanidade e o de Función Pública, a re-

clasificación deste persoal está bloqueada porque aínda se está á espera do financiamento (ao redor de 450 millóns de euros) por parte do Ministerio de Facenda. A pesar das numerosas actuacións e mobilizacións previamente efectuadas por UGT e CCOO para dar cumprimento a este Acordo, o ministerio de Facenda non desbloqueou esta partida económica necesaria para levar a cabo a reclasificación do persoal Técnico Sanitario.

Son xa case tres anos dun incumprimento flagrante do Apartado IV do Acordo Marco para unha Administración do século XXI, polo que ambas as organizacións sindicais consideran máis que xustifico ele-



var o nivel de mobilización con medidas contundentes encamiñadas unicamente a facer que o Goberno de España cumpra os compromisos que asina cos axentes sociais. Deste xeito, UGT e CCOO xa convocaron unha concentración o 21 de maio fronte ao Ministerio de Facenda, e a xornada de folga do luns, para reclamar ao ministro de Facenda, Arcadi España, que proceda á inmediata transferencia dos fondos necesarios para levar a cabo a reclasificación pendente, sen descartar novas mobilizacións se segue o bloqueo.

UGT, CCOO E CSIF CONVOCAN MOBILIZACIÓNS ANTE A DERIVA AUTORITARIA, OS RECORTES E DESPREZO Á NEGOCIACIÓN COLECTIVA DA XUNTA

Redacción.- As organizacións sindicais UGT, CCOO e CSIF denuncian a crecente deriva da Administración autonómica con actuacións e omisións que reflicten unha forma de proceder baseada na imposición, recorte de dereitos e a ausencia dun marco real de negociación colectiva, debilitando gravemente as relacións laborais no ámbito da Administración autonómica.

Ao respecto, a secretaria xeral de UGT SSPP Galicia, Irene Martínez, explicou que as decisións adoptadas nos últimos meses evidencian un preocupante retroceso en materias esenciais vinculadas á negociación colectiva, á seguridade xurídica, á transparencia e ás condicións laborais do conxunto das traballadoras e traballadores públicos que producen un progresivo deterioro dos servizos públicos.

Todo isto ocorre ignorando de maneira reiterada as demandas e advertencias das organizacións sindicais representativas do persoal empregado público, cun desprezo continuo das propostas sindicais, cunha imposición sistemática de decisións unilaterais, ausencia real de negociación e falta de vontade para acadar consensos. Todo isto evidencia unha preocupante dinámica autoritaria incompatible cunhas relacións laborais baseadas no diálogo social e no respecto institucional.

Sinalar como exemplos recentes, entre outros, a imposición da modificación do decreto de listas de contratación temporal pese ao voto en contra das tres organizacións sindicais presentes na negociación, vulnerando calquera vontade real de consenso e reducindo garantías e dereitos do persoal afectado; ou, o auténtico caos xerado na resolución de numerosos procesos selectivos finalizados e no concurso de traslados, con atrasos, falta de transparencia, ausencia de planificación e unha xestión deficiente que está provocando inseguridade e incerteza entre milleiros de persoas aspirantes e empregadas públicas; ou a incomprendible decisión de devolver a SEAGA a xestión das brigadas para a prevención e defensa de incendios forestais xa que en 2019 foi a propia Xunta de Galicia a que decidira inte-



grar os efectivos de incendios forestais de SEAGA ao Servizo de prevención incendios da Consellería de medio rural.

UGT, CCOO e CSIF demandamos a suspensión da reforma do Decreto de listas, a axilización e resolución definitiva dos procesos de concurso, ope e estabilización coa máxima seguridade xurídica, e reforzar o persoal de SPIF con xestión directa da Consellería, así como a negociación de cuestións esenciais comprometidas, entre outras:

- A transposición efectiva de medidas xa acordadas a nivel estatal, como a implantación da xornada de 35 horas.
- A apertura dun novo acceso extraordinario á carreira profesional.
- A posta en marcha do sistema ordinario de carreira profesional.
- O desenvolvemento e aplicación do grupo B de clasificación profesional.
- Un verdadeiro impulso e cambio de paradigma en materia de promoción interna e acceso o emprego público.
- A implantación real do concurso aberto e permanente.
- A ampliación do ámbito de aplicación de coeficientes redutores a outras especialidades e categorías dos servizos de extinción de incendios, medio ambiente, gardacostas...
- A apertura das mesas de negociación pendentes para abordar as condicións de traballo do persoal funcionario de ámbitos como persoal

non docente de educación ou medio ambiente.

- Avances reais e efectivos nas mesas de traballo derivadas do acordo de política social.
- Avances concretos nas mesas de negociación abertas na Consellería do Medio Rural.

As tres organizacións sindicais, entendemos que a situación require unha actuación organizada dende a unidade de acción coa finalidade de normalizar o diálogo e as relacións laborais e mellorar as condicións laborais e a calidade dos servizos a cidadanía, e queremos poñer de manifesto a nosa unanimidade e acordo de unidade de acción sindical fronte a mobilizacións unilaterais oportunistas que teñen moito que ver con posicionamentos ideolóxicos.

Por iso, UGT CCOO e CSIF anuncian o inicio dunha campaña de mobilizacións que se desenvolverá nos próximos meses e que terá como obxectivo denunciar o deterioro progresivo da función pública e esixir un cambio radical na actitude da Administración, campaña que se inicia cunha concentración o vindeiro día 10 de xuño en San Caetano.

As organizacións sindicais facemos un chamamento ao conxunto do persoal empregado público para participar activamente nas distintas accións que se convocarán proximamente, así como á cidadanía galega para defender uns servizos públicos dignos e de calidade.

A defensa dos dereitos do persoal empregado público é tamén a defensa duns servizos públicos ao servizo de toda a sociedade.

SÁBADO DE FOLGA NO COMERCIO TÉXTIL E ACAMPADA FRONTE Á CEC

Redacción.- Este sábado as traballadoras e traballadores do comercio téxtil volveron saír ás rúas e protagonizaron unha xornada de folga para dicir non ao convenio de ARTE. Ademais, na Coruña, as traballadoras están a manter unha acampada permanente fronte á CEC.

Tras a sinatura do convenio por parte de CCOO e FETICO, dende FeSMC manifestan que, aínda que a patronal fixo algunha concesión sobre os aspectos que se reivindicaron na folga do pasado día 23, convocada por UGT, a realidade segue sendo que en moitos sitios pérdense dereitos e nace para abaratar e recortar progresivamente os dereitos conquistados durante décadas en moitos convenios provinciais e autonómicos.

Como xa dixemos, a diversidade de convenios territoriais fai que a perda de dereitos sexa distinta en cada territorio e, aínda que é certo que algún territorio gaña salarialmente e en redución de xornada, perde noutros dereitos como: licenzas retribuídas, período de vacacións, contratación...

Aínda que nesta última reunión

garántese que o complemento de I.T. mantense o que se tiña actualmente, 100% de complemento na maioría dos casos, tamén se mantén o descanso dentro da xornada retribuída, nos territorios que xa o teñen e reducen a mobilidade xeográfica a 25 km. O seu obxectivo segue sendo claro e vese no texto asinado: reducir custos laborais, aumentar a flexibilidade, facilitar cambios de horarios, debilitar dereitos históricos, persoas traballadoras novas con peores condicións (dualidade no mesmo posto de traballo).

Gran parte do texto vende como avances dereitos xa existentes e que as empresas xa tiñan que cumprir: rexistro horario, adaptación de

xornada, permisos de conciliación, lactación, protocolos LGTBI, desconexión dixital, permisos por hospitalización, protección fronte ao acoso...É dicir, preséntannos como conquistas cousas que as empresas xa están obrigadas a cumprir e véndeno como un convenio histórico.



As traballadoras e traballadores do comercio de alimentación da provincia da Coruña hoxe en folga pola actitude inmobilista da patronal ante a demanda de melloras laborais

Redacción.- UGT, xunto aos outros sindicatos do sector, chaman ás traballadoras e traballadores do comercio de alimentación da provincia da Coruña a parar hoxe e secundar a xornada de folga convocada para denunciar a actitude inmobilista dunha patronal que, a pesar de acumular ano tras ano beneficios millonarios, segue a limitar a mellora dos salarios dos seus empregados e empregadas.

Ademais disto, as traballadoras e traballadores do sector poñen enriba da mesa a necesidade de racionalizar dunha vez por todas no sector as cargas de traballo e, polo tanto, mellorar os calendarios laborais e garantir descansos e xornadas laborais que favorezan a conciliación da vida laboral e persoal, así como, que preserven a saúde das persoas traballadoras do sector.

Manifestacións

A xornada de folga irá acompañada de mobilizacións. Deste xeito, están convocadas manifestacións en Santiago, A Coruña, Ribeira e Ferrol.

SEN NÓS, NON EXISTE NIN GADIS, NIN FROIZ.

FOLGA ALIMENTACIÓN CORUÑA 29/05/2026

POR QUE TEMOS QUE FACER FOLGA?

- PORQUE TENDO BENEFICIOS MILLONARIOS SEGUEN PROPOÑENDO SALARIOS QUE NON CHEGAN A FIN DE MES.
- PORQUE NON ENTENDEN QUE NECESITAMOS DESCANSAR MÁIS PARA NON ENFERMAR.

COMO FAGO PARA IR Á FOLGA?

PARA FACER FOLGA BASTA CON QUE NON VAIAS TRABALLAR O DÍA 29. NON NECESITAS XUSTIFICAR.

- NON PODEN DESPEDIRTI.
- NON PODEN SUSTITUIRTE ESE DÍA. NIN CONTRATACIÓN, NIN MOVER TURNOS, NIN LEVAR XENTE DOUTRAS TENDAS.
- NON TES PORQUE AVISAR QUE FARÁS FOLGA.

PIQUETES E MANIFESTACIÓNS.

- **SANTIAGO:** PIQUETE ÁS 08:00 NA PRAZA DE GALICIA. MANIFESTACIÓN, 12:00 NA PRAZA ROXA.
- **CORUÑA:** PIQUETES ÁS 05:00 EN PIADELA, ÁS 09:30 NO GADIS DE ELVIÑA. MANIFESTACIÓN, 12:00 NA PRAZA DO MERCADO DE SAN AGUSTÍN.
- **RIBEIRA:** PIQUETE ÁS 08:00 APARCADOIRO GADIS HIPER RIBEIRA. SAIDA AUTOBÚS PARA MANIFESTACIÓN DE SANTIAGO, ÁS 11:00 DIANTE DO CONCELLO DE BOIRO.
(RESERVA DE PRAZA EN AUTOBÚS CON MENSAXE A 687 740 581, OU CHAMANDO A 981 873 654).
- **FERROL:** PIQUETE ÁS 08:00 NO GADIS DE FREIXEIRO. MANIFESTACIÓN ÁS 11:45 NA PRAZA DE ULTRAMAR.

IG UGT USO CCOO
SERVICIOS servizos

O ENSINO CONCERTADO MOBILÍZASE ANTE A FALTA DE VONTADE DA XUNTA PARA MELLORAR AS CONDICIÓNS LABORAIS DO SECTOR

Redacción.- Este xoves o persoal traballador do ensino concertado de Galicia mobilizouse con sendas caravanas de coches que percorreron as cidades de Vigo e A Coruña amosando o seu malestar coa Consellería pola súa falta de vontade de sentarse a negociar ningunha das condicións laborais e salariais que o colectivo leva reclamando dende hai case 20 anos.

Son tres os puntos básicos que UGT, xunto cos outros sindicatos convocantes, priorizamos:

1. Desbloqueo da Disposición Adicional 12ª dos Orzamentos, que impide a execución do Acordo do 24 de abril de 2008 sobre condicións laborais e calidade do ensino, publicado no DOG do 30 de maio de 2008, coa subida salarial actualizada. Proponemos a firma dun novo Acordo de condicións laborais do ensino concertado onde se aborden tanto o aboamento dos complementos económicos actualizados como a redución da carga lectiva co conseguinte incremento de cocientes.

2. Addenda ao Acordo de xubilación parcial incluíndo a posibilidade de acceso para o persoal que ten parte da súa xornada en pago privado.

3. Complemento salarial autonómico directo e finalista para o Persoal de Administración e Servizos.

O pasado 5 de maio xa tivo lugar unha concentración do persoal delegado dos centros concertados fronte á Consellería, en Santiago, trala cal as organizacións sindicais representativas do ensino concertado en Galicia presentamos unha nova solicitude de xuntanza. Despois de tres semanas de espera seguemos a agardar algún tipo de acuse de recibo, pero a única resposta que tivemos foi o silencio.



Esta será a segunda medida tomada pola unidade sindical, sendo parte da axenda acordada e que prevé comezar o curso cunha folga no sector se non hai avances substanciais.

A dignidade das persoas traballadoras do ensino concertado xa leva demasiado tempo a seres pisada. Por iso, solicitámoslle á Consellería que deixe o seu inmovilismo a un lado e se poña a traballar xunto connosco na mellora real das condicións laborais e salariais das persoas traballadoras do sector.

O COMITÉ DA LAVANDERÍA HOSPITALARIA DE VIGO ADVIRTE DO RISCO DE CONFLITO SE ELIS NON RECOÑECE O TEMPO DE “BOCADILLO” NO CONVENIO

Redacción.- O Comité de Empresa da lavandería hospitalaria de Vigo, que dá servizo ao Hospital Meixoeiro, o Hospital Álvaro Cunqueiro e o Hospital Nicolás Peña, fixo un chamamento á cordura e á negociación para evitar que o servizo se vexa abocado a un conflito laboral xeneralizado. Os representantes dos traballadores informan de que a negociación do novo convenio colectivo atópase actualmente paralizada ante a postura inflexible da dirección de Elis Manomatic, que rexeita incluír os 20 minutos regulamentarios de descanso para o bocadillo como tempo efectivo de traballo.

Desde o comité aclárase que o persoal —composto por máis de 90 familias— non desexa iniciar mobilizacións drásticas nin prexudicar aos usuarios da sanidade pública. Con todo, lembran que o persoal opera baixo condicións de gran penosidade (manipulación de material biolóxico, altas temperaturas e un ritmo de produción intenso) con salarios que apenas rozan o Mínimo Interprofesional (SMI). Neste escenario de precariedade, consolidar que o tempo de descanso obrigatorio compute como xornada

efectiva é unha condición indispensable para asegurar a dignidade dos traballadores.

O Comité de Empresa considera incomprendible que se manteña esta postura de austeridade co elo máis débil da cadea sanitaria, especialmente tendo en conta as cifras que manexa o servizo. A empresa concesionaria do novo Hospital Álvaro Cunqueiro recibe anualmente da Xunta de Galicia un canon de entre 70 e 80 millóns de euros destinados á xestión das instalacións e os servizos non clínicos, entre os que se inclúe a lavandería e a lenzaría.

Á súa vez, a matriz internacional da subcontrata Elis exhibe unha sólida situación financeira con beneficios netos globais que superan os 360 millóns de euros.

Os sindicatos sinalan que existen recursos máis que suficientes dentro da contrata e a concesión para absorber o custo que supón recoñecer este dereito laboral básico, sen necesidade de tensionar as relacións laborais nin poñer en risco a paz social dos hospitais públicos de Vigo.

"Non estamos a pedir nada que non sexa de xustiza. A nosa prioridade absoluta é chegar a un acordo construtivo na mesa de negociación, pero para que haxa acordo, a empresa debe mostrar sensibilidade social", explican desde a representación sindical.

Co obxectivo de desbloquear a situación antes de que o descontento dos traballadores desemboque nun escenario de folga ou paros que afecte ao funcionamento loxístico dos centros sanitarios (subministración de sabas, uniformes e roupa estéril para quirófanos), o Comité solicitou formalmente a atención da administración pública.

A representación legal insta á Consellería de Sanidade e á xerencia do SERGAS para tutelar o conflito e lembrar ás empresas adjudicatarias as súas obrigacións de estabilidade e calidade no emprego. Os sindicatos recalcan que a lavandería é o motor invisible que sostén a hixiene hospitalaria e que o diálogo é o único camiño viable para asegurar que a área sanitaria de Vigo siga funcionando con total normalidade e plenas garantías sanitarias.

TRABALLADORES DE MENSALNES, FRANQUÍA DE MRW, DENUNCIAN CONDICIÓN INSEGURAS, FALTA DE PROTECCIÓN LABORAL, ATRASOS NAS SÚAS NÓMINAS E PERSOAL INSUFICIENTE

Redacción.- Os empregados de Mensalnes S.L., franquía de MRW representados por UGT fan pública unha denuncia polas súas condicións de traballo que poñen en risco a súa saúde e seguridade. Vehículos en mal estado, furgonetas circulando con descoñecemento da súa situación administrativa, atrasos reiterados no pago de nóminas, falta de pagamento de horas extras, ausencia de revisións médicas e falta de roupa e equipo de traballo adecuado (EPIs). Situacións que, xunto á falta de persoal, provocaron sobrecarga laboral e, polo menos, un accidente cunha furgoneta.

Ademais, o persoal fai un chamamento á central de MRW para que interveña, xa que non se cumpren os estándares de calidade aos que esta marca débese e existe unha gran desviación nos prazos de entrega, o que dá lugar a unha deterioración da marca na zona e a un elevado número de reclamacións. O que dificulta excesivamente o crecemento da franquía.

A situación de deterioración empresarial chega a tal punto que temos cons-

tancia da detención dun vehículo que constaba como subtraído: pararon a un condutor realizando unha ruta da empresa cuxa furgoneta constaba na base de datos da Garda Civil como subtraída, quedando o vehículo requisado.

Denunciouse á Inspección de Traballo esta dramática situación que estamos a sufrir diariamente

Falta de persoal e sobrecarga: o persoal é insuficiente, o que provoca sobrecarga de traballo, maior fatiga e aumento do risco de erros e accidentes.

Persoal administrativo realizando repartición: empregadas administrativas realizan tarefas de repartición para tratar de cubrir a falta de persoal.

Atrasos no pago de nóminas: a xerencia abona os salarios con atrasos sistemáticos, o que provoca incerteza e dificultades económicas ás familias dos traballadores e traballadoras.

Horas extras non remuneradas: a maioría das horas adicionais traballadas

non se rexistran nin se pagan conforme á normativa laboral vixente. E as poucas que constan como realizadas tampouco se abonan, a pesar de comunicar por escrito que si o farían.

Falta de revisións médicas: en 2025 non se realizaron os recoñecementos médicos periódicos esixidos para persoal que manexa vehículos e manipula cargas e iso que se lle lembrou en dúas ocasións.

Ausencia de roupa e equipo de traballo: a empresa non facilita roupa laboral desde fai máis dun ano, está obrigada a facelo dúas veces ao ano. Non proporciona os carros necesarios para a manipulación de cargas que se lle requiriron en múltiples ocasións.

Ante esta situación e a fin de dar coñecemento á cidadanía de Vilagarcía e a súa comarca, realizaremos unha concentración o vindeiro venres día 29 a partir das 19.30 horas. diante da delegación de Mensalnes en Vilagarcía..

ANTE A INCONCRECIÓN DA MINISTRA ELMA SAIZ SOBRE A XUBILACIÓN ANTICIPADA DOS CONDUTORES PROFESIONAIS, UGT MANTÉN A FOLGA EN TRANSPORTE POR ESTRADA

Redacción.- A intervención da ministra de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, Elma Saiz, o pasado mércores, 27 de maio, no Congreso dos Deputados sobre os coeficientes reductores para a xubilación anticipada dos condutores profesionais de transporte por estrada non achega ningunha certeza ao sector nin modifica en absoluto o escenario de conflito aberto que levou a FeSMC-UGT a convocar folga indefinida no mes de xuño.

A ministra respondeu en sede parlamentaria a unha pregunta formulada pola deputada de ERC Inés Granollers, quen trasladou publicamente a preocupación existente no sector ante o posible silencio administrativo dos expedientes presentados para solicitar o recoñecemento da xubilación anticipada ao citado colectivo profesional.

Xeneralidades e inconcreción

Máis aló de declaracións xenéricas e dun relato burocrático do procedemento administrativo, a realidade segue sendo exactamente a mesma. É dicir, UGT segue sen recibir unha soa notificación formal do Ministerio sobre o estado real dos expedientes rexistrados para o recoñecemento de coeficientes reductores no transporte de viaxantes e mercancías por estrada.

A ministra afirmou durante a súa intervención que as solicitudes foron admitidas a trámite o pasado 9 de febreiro e confirmou que os expedientes “seguen tramitándose”. Con todo, esas afirmacións omiten deliberadamente unha cuestión esencial, e é que os expedientes foron entregados e rexistrados oficialmente por parte de UGT o 10 de outubro de 2025 no caso do transporte de viaxeiros e o 20 de

outubro de 2025 no transporte de mercancías.

Por tanto, os prazos administrativos empezan a computarse desde esas datas e non desde febreiro de 2026, como pretende trasladar agora o Ministerio. UGT quere deixar claro que o sector non vai aceptar reinterpretacións interesadas dos prazos legais para xustificar atrasos inxustificables.

Fronte a este escenario de opacidade, indefinición e ausencia de interlocución real, FeSMC-UGT mantén a convocatoria de folga indefinida no mes de xuño.

O que está a ocorrer xa non pode considerarse unicamente un atraso administrativo. Estamos ante unha falta evidente de vontade política para afrontar con seriedade unha reivindicación histórica do sector.